

TRAUGOTT, ELIZABETH CLOSS / GRAEME TROUSDALE (2013): *Constructionalization and Constructional Changes*. Oxford: Oxford University Press, 278 pp.

A finais da década dos 80 do século pasado, Langacker (1987, 1988) cunhou o termo Modelos Baseados no Uso (*Usage-Based Models*) co propósito de caracterizar a súa Gramática Cognitiva. Rapidamente, esa nomenclatura pasou a abranguer modelos teóricos distintos que comparten un mesmo movemento conceptual orientado a unha descrición da lingua/linguaxe como unha realidade mental, desenvolvida por convención nun contexto social. Langacker (1988) define tres características esenciais a eses modelos: son maximalistas e non-reducionistas, de modo que as representacións abstractas da gramática interna do falante son plurais (*massive*) e altamente redundantes; son tamén *bottom-up*, ou ascendentes, de forma que se privilexia o específico e o idiosincrático por riba do xeral na adquisición e operacionalización do sistema lingüístico. Estas tres características están intimamente ligadas aos procesos de mudanza lingüística que, tomados xuntamente co uso e o procesamento cognitivo, nos permiten analizar a linguaxe como un sistema adaptativo complexo (Hopper 1987, Larsen-Freeman 1997, Bybee 2010).

En *Constructionalization and Constructional Changes*, libro publicado en 2013 pola Oxford University Press na súa serie 'Oxford Studies in Diachronic and Historical Linguistics', Traugott and Trousdale presentan un modelo para a análise da mudanza dentro dunha perspectiva de Gramática de Construcións (GC). Como os propios autores destacan (p. 1), varios teóricos da abordaxe cognitivista (e. g. Goldberg 2006; Langacker 2008), xa estableceran un modelo construcional da linguaxe tomando como punto de partida a sincronía. Agora, a presente obra vén propor un modelo de análise e descrición construcional para a mudanza lingüística, que é diacrónica por natureza.

O libro está dividido en seis capítulos intitulados: 1. The Framework, 2. A Usage-Based Approach to Sign Change, 3. Grammatical Constructionalization, 4. Lexical Construction-

alization, 5. Contexts for Constructionalization, 6. Review and Future Prospects. Saliñarei a seguir aqueles aspectos que considero que son, en termos xerais, as características máis importantes da obra.

O primeiro capítulo comeza por localizar a proposta no contexto da(s) Gramática(s) de Construcións, que entende(n) a lingua como unha realidade mental composta por construcións, conceptualizadas como emparellamentos de forma e significado que constitúen unidades simbólicas organizadas en rede (Langacker 1987; Croft 2005). Como xa se mencionou antes, o libro tenta ofrecer unha análise da mudanza que sexa aplicable a ese modelo teórico. Para iso, os autores diferencian dous tipos básicos de mudanza, que caracterizan amplamente: a) mudanzas que ocorren nos diferentes niveis dunha construción xa existente; b) mudanzas que crean un novo emparellamento de forma e significado. As primeiras son chamadas Mudanzas Construcionais (*constructional changes*), mentres que as outras reciben o nome de Construcionalizaciones (*constructionalizations*). Os autores procuran presentar unha proposta que incorpore e dea conta dos avances obtidos nos estudos de gramaticalización e lexicalización co obxecto de prescindir dun modelo específico para cada fenómeno. Destacan aínda tres postulados básicos para esa análise. Son eles: 1) a gramática (coñecemento dun sistema lingüístico) non é universal; 2) a mudanza acontece nunha instancia de uso (construto); 3) mudanza e innovación son procesos distintos.

Alén da incuestionable importancia que este libro ten de seu, unha contribución moi relevante do primeiro capítulo para as persoas interesadas na Gramática de Construcións é a síntese⁵ de cinco das súas principais abordaxes: *Berkeley Construction Grammar*, *Sign-Based Construction Grammar*, *Cognitive Construction Grammar*, *Radical Construction Grammar* e *Cognitive Grammar*. Tanto o alumnado de cursos de grao e posgrao, como os investigadores e o profesorado terán nas súas mans unha ferramenta útil de condensación de décadas de indagacións en GC.

⁵ Os autores sinalan que sínteses como esta poden ser encontradas tamén en Croft e Cruse (2004), Langacker (2005), Goldberg (2006), Croft (2007a) e Sag, Boas e Kay (2012).

A seguir, na sección 1.4 do capítulo 1, intitulado *Constructions and factors relevant to them*, os autores exploran polo miúdo o concepto de construción que van empregar na súa proposta. Un dos seus desvelos é a caracterización dos conceptos de esquematidade, produtividade e composicionalidade, factores cruciais na análise da mudanza desde unha perspectiva construcional, en relación ás doutros autores, como Bybee (2010) por exemplo.

A sección 1.5, *A constructional view of change*, destaca que, nesta proposta, hai unha diferenza entre o uso das nomenclaturas “construcionalización” e “mudanza construcional” se o comparamos co que ten noutras fontes, e continúa cunha caracterización deses dous procesos de mudanza.

Na sección 1.6, *Diachronic work particularly relevant to this book*, atopamos unha breve, mais importante, análise do termo ‘construción’ posto en relación coas acepcións que se lle deron en diversos traballos das dúas últimas décadas. Encontramos tamén unha introdución ás cuestións que envolven gramaticalización e lexicalización, co propósito de permitir unha mellor localización do lector dentro do tema. Isto é importante porque o asunto será mormente aprofundado en capítulos posteriores. Outro asunto introducido didacticamente na sección 1.6.4, *Mechanisms of change*, son, como o título deixa ver, os varios mecanismos potencialmente involucrados na mudanza, analizados en relación ao seu uso nos estudos de gramaticalización e lexicalización desenvolvidos historicamente. Trátase dunha formidable ferramenta máis para estudantes e investigadores interesados na mudanza lingüística, porque reúne unha masiva cantidade de información histórico-teórica clara e concisa, ofrecida co coidado de non tratar o tema de forma superficial ou mesmo reducionista.

O capítulo segundo, “*A Usage-Based Approach to Sign Change*”, consiste nunha revisión teórico-bibliográfica acerca das distintas tradicións que compoñen o conxunto dos Modelos Baseados no Uso, así como algúns dos elementos teóricos que os distinguen doutras abordaxes. Atopamos aquí unha importante análise dos conceptos de

almacenamento e *entrenchment*⁶ como unidade (*storage and entrenchment as a unit*), sancionamento de construcións por esquemas máis abstractos, rede e links.

O terceiro capítulo, “*Grammatical Constructionalization*”, xuntamente cos dous seguintes, moi probablemente poida ser descrito como o núcleo duro da proposta presentada neste libro. Os autores mergúllanse nos procesos de mudanza que crean construcións cuxa función é principalmente procedemental (“changes that result in constructions that are primarily procedural in function”, p. 94). Ofrécesenos entón unha proposta que pretende dar conta do proceso de gramaticalización desde unha perspectiva construcional. Cómpre non obstante salientar que ese proceso non é equivalente ao proposto nos traballos desenvolvidos dentro da teoría da gramaticalización. Traugott e Trousdale postulan a existencia de dúas tradicións (pp. 97-98) que privilexian ora as mudanzas na forma ora as mudanzas no contido. Porén, traballos como Bybee (2003a, 2003b, 2010), este último largamente citado no libro, Heine (2003) e Gisborne (2011) poden ser apuntados como contraexemplo. Debo mencionar que os propios autores admiten que esa polarización é perigosa, mais alegan que a manteñen por motivos didácticos. Aínda así, creo que semellante escollo didáctica pode ser prexudicial. Reparemos no feito de que Bybee (2003a) xa afirmaba que a gramaticalización é un proceso de creación de novas construcións e, por tanto, tamén inclúe os casos de mudanza que non se relacionan cun morfema específico, como o caso da creación de padróns específicos de ordenación de palabras. No mesmo ano, Bybee (2003b) propón o termo *gramaticization*, definido como o proceso polo cal construcións que conteñen ítems lexicais tórnanse mecanismos gramaticais. Aínda que o termo ‘construción’ non sexa expresamente definido como un emparellamento de forma e significado en Bybee (2003a, 2003b, 2010), a autora afirma: “*Grammaticalization itself derives from a collection of concurrent processes that affect every level involved in an utterance from phonology to morphosyntax to semantics and pragmatics*”.

⁶ Os autores en lingua portuguesa non se amosan unánimes en canto á tradución de *entrenchment* como “atrincheiramento” aplicada a este contexto teórico, por entenderen algúns que o termo en portugués non dá ben conta do sentido orixinal aplicado na literatura lingüística. Tal vez en galego se puidese levantar a mesma dúbida, pero non estou certo de resolvela.

(Bybee 2010: 106). E logo xa en Bybee (2013: 50) lemos: "Constructions, with their direct pairing of form to meaning without intermediate structures, are particularly appropriate for usage-based models." Desa forma, entendo que o lector desatento pode ser levado a crer que a proposta de Construcionalización de Construcións Procedementais está máis desvinculada do que na verdade ten sido un proceso maior de mudanza de paradigma que podemos observar xa nos estudos de gramaticalización dende polo menos unha década antes da publicación deste libro. Esta problematización é novamente levantada polos autores no capítulo 5, onde atopamos unha cita de Himmelmann (2004) que corrobora a proposta de Bybee (2003b) de que a gramaticalización (*grammaticization*) afecta un ítem nun contexto sintáctico específico, e que, por tanto, só pode afectar construcións. Os autores sosteñen que o posicionamento de Himmelmann é aínda distinto do presentado no libro porque o que el parece considerar como construción é un encadeamento sintáctico ou de constituíntes, e non un emparellamento simbólico de forma e significado. Hai aínda unha nota a rodapé na páxina 195, neste mesmo capítulo, en que os autores advirten de que parte do capítulo aparecía xa en Traugott (2012a,b) porén dende unha perspectiva de gramaticalización e non de construcionalización, o que constitúe sen dúbida un novo reforzo na súa tentativa de desvincular ambas propostas de forma inequívoca. Cabe en definitiva ao lector decidir se concorda ou non con ese posicionamento verbo da herdanza lingüística (ou falta dela) que a proposta en cuestión puido recibir ou non das que a precederan.

O cuarto capítulo, "Lexical Constructionalization", segue o mesmo obxectivo do anterior, ben que neste caso referido á Construcionalización de Construcións de Contido (*Contentful Constructions*) e a súa intrínseca relación cos estudos de lexicalización.

Xa na parte final do libro, no capítulo cinco, "Contexts for Constructionalization", encontramos unha orientación sobre que factores se deben contemplar nunha análise de mudanzas graduais que permiten a construcionalización. "We start by outlining a framework for analyzing contexts that was originally designed to account for grammaticalization but which we modify to account for constructionalization in general". (p. 198).

Por fin, no capítulo seis, "Review and Future Prospects", como o título deixa ver, os autores conclúen o seu texto cunha síntese moi ben estruturada das propostas presentadas nas seccións anteriores e apuntan para cales poden ser os futuros desdobramentos que eles esperan fomentar co seu novo modelo. A pesar de todo o traballo ter sido baseado na lingua inglesa, Traugott e Trousdale manifiestan a súa esperanza de que investigadores das máis diversas linguas poidan incorporar esa proposta aos seus traballos, como unha forma de testar os principios teóricos do modelo e de consolidalo empiricamente.

Velaí algunhas consideracións coas que quero rematar. Este libro constitúe unha excepcional obra de referencia para os estudos en GC, que nos ofrece un tratamento sistemático da mudanza lingüística, en todo o continuo gramática-léxico, dentro dun modelo construcional. Cómpre salientar que os autores non avogan por substituír a Teoría da Gramaticalización, tal como é defendida por sectores máis conservadores que non se insiren en ningún dos modelos de GC. Antes ben, trátase dun natural desenvolvemento dos diversos estudos en Gramática Diacrónica de Construcións (*Diachronic Construction Grammar*) (Noël 2007) orientado á conformación dun modelo accesible, coherente e, asemade, completo. Iso abre importantes e novas perspectivas aos romanistas por permitir un novo ángulo, a partir do cal podemos observar fenómenos de mudanza, inter e intralingüísticos, a despeito do nivel académico en que o investigador se encontre.

O libro é bastante didáctico. Cada capítulo comeza cunha introdución e termina cun resumo, o que, unido a un texto claro e accesible, permite unha lectura agradable. Expertos e principiantes encontrarán unha proposta sólida e clara para un tema aínda controvertido e nebuloso, como é a mudanza lingüística. Creo, sobre todo, que esta obra pode ser un excelente punto de partida para aqueles que aínda non están familiarizados cos estudos de GC ou integrados neles.

Trátase, pois, dunha lectura virtualmente obrigada para lingüistas e filólogos á procura de novas posibilidades teóricas e metodolóxicas para o tratamento e análise da mudanza. Unha nova referencia fundamental na bibliografía sobre os Modelos Baseados no Uso.

Referencias bibliográficas

- Bybee, Joan (2003a): "Cognitive processes in grammaticalization", en Michael Tomasello (ed.), *The new psychology of language*, Vol. II. Mahwah, NJ: Lawrence Erlbaum, New Mexico: University of New Mexico, 145-67.
- Bybee, Joan (2003b): "Mechanisms of Change in Grammaticalization: The Role of Frequency", en Brian D. Joseph / Richard D. Janda (eds.), *The Handbook of Historical Linguistics*. Oxford: Blackwell Publishing, 602-623.
- Bybee, Joan (2013): "Usage-Based Theory and Exemplar Representations of Constructions", en Thomas Hoffmann / Graeme Trousdale (eds.), *The Oxford Handbook of Construction Grammar*. Oxford: Oxford University Press, 49-69.
- Croft, William (2005): "Logical and typological arguments for Radical Construction Grammar", en Mirjam Fried / Jan-Ola Östman (eds.), *Construction Grammar(s): Cognitive and cross-language dimensions*. Amsterdam: John Benjamins, 273-314 (Constructional Approaches to Language, Vol. III).
- Croft, William (2007a): "Construction grammar", en Dirk Geeraerts / Hubert Cuyckens (eds.), *The Oxford Handbook of cognitive linguistics*. Oxford / New York: Oxford University Press, 463-508.
- Croft, William / Alan D. Cruse (2004): *Cognitive Linguistics*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Gisborne, Nikolas (2011): "Constructions, Word Grammar and grammaticalization", *Cognitive Linguistics* 22, 155-182.
- Goldberg, Adele Eva (2006): *Constructions at Work: The Nature of Generalization in Language*. Oxford: Oxford University Press.
- Heine, Bernd (2003): "Grammaticalization", en Brian D. Joseph / Richard D. Janda (eds.), *The handbook of historical linguistics*. Oxford: Blackwell, 575-601.
- Hopper, Paul J. (1987): "Emergent grammar", en Jon Aske et al. (eds.), *General Session and Parasession on Grammar and Cognition: Proceedings of the Thirteenth Annual Meeting of the Berkeley Linguistic Society*. Berkeley: Berkeley Linguistics Society, 139-157.
- Langacker, Ronald Wayne (1987): *Foundations of Cognitive Grammar, Vol. I: Theoretical Prerequisites*. Stanford: Stanford University Press.
- Langacker, Ronald Wayne (1988): "A Usage-Based Model", en Brygida Rudzka-Ostyn (ed.), *Topics in Cognitive Linguistics*. Amsterdam: John Benjamins, 127- 161 (Current Issues in Linguistic Theory 50).
- Langacker, Ronald Wayne (2005): "Construction Grammars: Cognitive, radical, and less so", en Francisco J. Ruiz de Mendoza Ibáñez / M. Sandra Peña Cervel (eds.), *Cognitive Linguistics: Internal Dynamics and Interdisciplinary Interaction*. Berlin: Mouton de Gruyter, 101-159.
- Langacker, Ronald Wayne (2008): *Cognitive Grammar: A Basic Introduction*. New York: Oxford University Press.
- Larsen-Freeman, Diane (1997): "Chaos/complexity science and second language acquisition", *Applied Linguistics* 18, 141-65.
- Noël, Dirk (2007): "Diachronic construction grammar and grammaticalization theory", *Functions of Language* 14, 177-202.
- Sag, Ivan A. / Hans C. Boas / Paul Kay (2012): "Introducing sign-based construction grammar", en Hans C. Boas / Ivan A. Sag (eds.), *Sign-Based Construction Grammar*. Stanford: CSLI Publications, 1-30.
- Traugott, Elizabeth Closs (2012a): "The status of onset contexts in analysis of micro-changes", en Merja Kytö (ed.), *English Corpus Linguistics: Crossing Paths*. Amsterdam: Rodopi, 221-255.
- Traugott, Elizabeth Closs (2012b): "On the persistence of ambiguous linguistic contexts over time: Implications for corpus research on micro-changes", en Magnu Huber / Joybrato Mukherjee (eds.), *Corpus Linguistics and Variation in English: Theory and Description*. Amsterdam: Rodopi, 231-246.

André Felipe Cunha Vieira